



RÍO GATO

Adela Leiro, Mon Daporta




Distancia: 6 km (circular)

Curso do río e miradores: 3 km (ida e volta)

Dificultade: alta

Duración: de 1 a 3 horas



O río Gato é un afluente do Arnoia que en terras do concello de Cartelle forma un estreito e profundo canón, pasado Madarnás, con numerosas fervezas, a última na súa desembocadura (Pozo do Gordo).

COMO CHEGAR: desde Cartelle vaise a Madarnás e de alí á área recreativa do Silandeiro por un camiño de terra. A ruta baixa pola dereita do río ata a súa desembocadura. Pódese facer circular subindo por Sande e baixando polo Toural. A parte máis interesante é o canón do río que se fai por unha ruta de bastante dificultade acondicionada, ben sinalizada, pero con tramos atrevidos.

